

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

DECRETO 69/2016, do 19 de maio, polo que se crea a Rede de parques naturais de Galicia.

A Constitución española recoñece no seu artigo 45.1 que «Todos teñen o dereito a gozar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de o conservaren», e o seu artigo 149.1.23 establece a competencia exclusiva do Estado para a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades que teñen as comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30, faculta a Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, no seu título I, define con carácter xeral os espazos naturais que deben ser considerados merecedores dunha protección especial e regula o seu procedemento de declaración, dispoñendo un réxime xeral de protección e prevendo a posibilidade de establecer réximes de protección preventiva. Entre as oito categorías de espazos naturais protexidos que establece a Lei 9/2001, do 21 de agosto, inclúese a figura de parque natural; a declaración destes espazos faise con base nos elementos singulares de fauna, flora e xea que polo seu valor e interese científico, paisaxístico, cultural ou histórico requiran unha especial atención.

Na actualidade existen en Galicia seis espazos naturais declarados como parque natural: o monte Aloia, declarado polo Real decreto 3160, do 4 de decembro de 1978, a Baixa Limia-Serra do Xurés, declarado polo Decreto 29/1993, do 11 de febreiro, o complexo dunar de Corrubedo e as lagoas de Carregal e Vixán, declarado polo Decreto 139/1992, do 5 de xuño, as Fragas do Eume, declarado polo Decreto 218/1997, do 30 de xullo, o Invernadeiro, declarado polo Decreto 155/1997, do 5 de xuño, e o parque natural da Serra da Enciña da Lastra, declarado polo Decreto 157/2002, do 4 de abril.

O presente decreto ten por obxecto crear a Rede de parques naturais de Galicia, co fin de facilitar unha xestión coordinada dos espazos que a conforman, así como contribuír ao seu coñecemento e divulgación.

O decreto estrutúrase en tres artigos e dúas disposicións derradeiras.



Na súa virtude, a proposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezanove de maio de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Rede de parques naturais de Galicia*

Créase a Rede de parques naturais de Galicia, que se configura como un sistema integrado e unitario de todos os espazos naturais da Comunidade Autónoma de Galicia que contén coa declaración de parque natural en virtude da normativa vixente.

Artigo 2. *Obxectivos da Rede de parques naturais de Galicia*

A Rede de parques naturais de Galicia ten como obxectivos os seguintes:

- a) Converter os parques naturais da nosa Comunidade nun modelo de xestión compartida e coordinada.
- b) Fomentar a cooperación e promover proxectos comúns.
- c) Potenciar os parques naturais como valor de desenvolvemento económico e dinamizar as economías locais do seu contorno.
- d) Coñecer os datos e cifras relativas á xestión das principais áreas de actuación na Rede de parques naturais de Galicia.
- e) Situar a marca Parque Naturais de Galicia como referente en España baixo unha identidade corporativa global.
- f) Capitalizar o amplo e diverso patrimonio natural de Galicia a través da promoción dos parques naturais.
- g) Potenciar as singularidades de cada parque natural para converter a rede na icona da España verde e como espazos naturais de interese en Europa.

Artigo 3. *Articulación da Rede de parques naturais de Galicia*

1. A Rede de parques naturais de Galicia articúlase en tres eixos: a coordinación, a xestión e uso e a promoción e posta en valor.



2. A Rede de parques naturais de Galicia poderá coordinarse con outras redes ou espazos protexidos, en particular co Parque nacional das Illas Atlánticas.

3. A Consellería competente en materia de medio ambiente xestionará a Rede de parques naturais de Galicia a través do centro directivo a que lle atribúa as competencias en materia de conservación da natureza. A consellería competente en materia de medio ambiente convocará reunións periódicas das persoas representantes das xuntas consultivas dos parques naturais co obxecto de tratar asuntos de interese común.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezanove de maio de dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

